AO CONSELLO ECONOMICO E SOCIAL DE GALICIA

Ramón Barreiro Carnota, representante titular no CES Galicia do SINIDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS, comparecen e en relación co **ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA DE GALICIA**, pasa a formular, dentro do prazo conferido, as seguintes

CONSIDERACIÓNS

Primeira.-
En relación co **artigo 5,2º**, entendemos que non estaría de máis especificar que se entende por "venda indirecta".

Segunda.-
En relación co **artigo 5,3º**, entendemos que non procede a referencia unicamente aos de "escaso valor", senón aos regalos e obsequios en xeral.

Terceira.-
En relación co **artigo 9**, ao referirse a "medidas excepcionais", debería concretarse algo máis en aras a garantir axeitadamente o dereito a saúde e a cidadanía saiba mellor como proceder no caso previsto no artigo. Por unha banda, "que" son medidas excepcionais e, pola outra, como pode a cidadanía instalas ou facelas valer.

Cuarta.-
En relación co **artigo 12,f)**, a avaliación da efectividade entendemos que tamén debería serlle remitido a algún organismo competente.

Quinta.-
En relación co **artigo 16, 2º) e 4º)**, quizais conviría unha remisión lexislativa, por máis que esta sexa xenérica.

Sexta.-
En relación co **artigo 18,4º** descoñécese o criterio para fixar esa concreta porcentaxe mínima; de establecela, debería explicitarse os motivos na Exposición de motivos.

Sétima.-
En relación co **artigo 22,1º**, entendemos que non ten sentido usar expresións como "preferentemente", dado que pode introducir algo de inseguridade xurídica. Mellor que usar esa expresión, sería mellor dicir que se fará por esa vía, establecéndose unhas excepcións ou uns criterios para poder excepcionar esa obriga.

Oitava.-
No **artigo 30,1º,c)**, cando menos para as zonas máis despoboadas, debería eliminarse o requisito do aumento neto poboacional.

Novena.-

En relación co **artigo 31,2º**, por seguridade xurídica deberían explicitarse -anque sexa de un modo xenérico- cales poden ser esas “razóns de interese xeral”.

Décima.-

En relación co **último parágrafo do artigo 32**, debería concretarse o procedemento para poder instar esa revisión, aínda que sexa remitíndose ao desenvolvemento regulamentario.

Décimo primeira.-

En relación co **artigo 49,1º**, debería contemplarse o desenvolvemento regulamentario polo que respecta ao contemplado na última frase, particularmente no que se refire a “outras circunstancias”: “ Por razóns de interese xeral debidamente xustificadas poderá autorizarse a vinculación da botica anexa tendo en conta outras circunstancias.

En Santiago de Compostela, a 12 de febreiro de 2019.

Ramón Barreiro Carnota

BARREIRO CARNOTA, RAMON (AUTENTICACIÓN)

Firmado digitalmente por BARREIRO CARNOTA, RAMON (AUTENTICACIÓN)
Fecha: 2019.02.13 16:21:56 +01'00'